

Sobre o Informe de Fiscalización do Concello de As Pontes, emitido polo Consello de Contas de Galicia. Exercicio de 2000.

Por fin chegou ó Concello o Informe de Auditoría e Fiscalización das Contas do Exercicio de 2000, realizado polo Consello de Contas de Galicia. De dito Informe causan alarma as seguintes exposicións contidas no mesmo:

1. Limitacións ó traballo do Consello de Contas.

- a) Os libros de contabilidade do Concello de As Pontes non foron encadernados e dilixenciados nos termos establecidos na regra 61.2 da ICAL. Dito incumprimento determina que non está garantida a inalterabilidade da información facilitada mediante listados informáticos.
- b) O Concello de As Pontes non realiza un seguimento dos gastos con financiamento afectado, polo que non se puido determinar con exactitude que parte do remanente debería ter afectado.
- c) A contabilidade dos dereitos pendentes de cobro de exercicios pechados dos capítulos 1 e 3, non coincide coas contas de recadación aprobadas.

2. **Aprobación do Orzamento 2000.** O Orzamento de 2000 aprobouse por acordo plenario o 30 de maio de 2000, fora do prazo establecido na Lei.

3. **Elaboración do Orzamento 2000.** O grao de execución do Orzamento de Ingresos de 2000 (dereitos recoñecidos / previasións definitivas) foi de 65,58%. As diferencias entre previsións e dereitos recoñecidos nos capítulos 1, 3 e 4 do estado de ingresos mostran deficiencias técnicas na elaboración do Orzamento.

4. **Recoñecemento extraxudicial de Créditos.** Durante o ano 2000 o Concello aprobou 5 recoñecementos extraxudiciais de crédito por un total de 42.621.580 pesetas, dos cales 24.037.319 pesetas corresponden a gastos nos que se prescindiu do procedemento establecido na Lei de Contratos das Administracións Públicas. O Consello de Contas considera que se debe evitar a utilización deste instrumento, pois o seu uso implica o funcionamento irregular da Administración Municipal. Ademais, estes recoñecementos extraxudiciais foron aprobados polo Alcalde e a Comisión de Goberno do Concello de As Pontes, sendo estes órganos incompetentes para aprobar esta clase de expedientes.

5. **Ingresos.** As deficiencias técnicas na elaboración do Orzamento, fan que a 31 de decembro quedasen pendentes de cobro 154.978.550 pesetas. O feito é que tódalas partidas de ingresos mostran incrementos non suxeitos á realidade, así como subvencións de exercicios posteriores ou que non se puideron obter por incumprimento dos requisitos legais para a súa consecución. Asemade, o Consello de Contas mantén que estas partidas se incrementaron incorrectamente en 54.166.625 pesetas. O perigo desta forma de actuar é que os dereitos de natureza tributaria prescriben os 4 anos e o resto ós 5 anos, polo que pasarán a ser incobrables. De feito no exercicio de 2000 contabilizaronse ingresos pendentes de anos anteriores ós prazos de prescripción, logo xa eran incobrables. Ademais, non se dotan as convintes provisións para os saldos de dudoso cobro que ten o Concello, o que é unha grave irregularidade contable que fai quebrar o principio de prudencia.

6. **Saldos de Tesourería.** O saldo final pendente de aplicación non coincide có que figura no estado de remanente de tesourería, sobre todo debido ó incorrecto tratamento contable da partida 781.00 "*Transferencias familias cemiterio*". O axuste a realizar é de 32.535.075 pesetas, en contra do Concello de As Pontes.

7. **Gastos.** O Consello de Contas de Galicia verificou a existencia de modificacións do saldo de obrigas recoñecidas que, se ben foron aprobados mediante decretos da Alcaldía do ano 2000, non foron imputadas contablemente a dito exercicio. Esta argucia desvirtúa o principio de anualidade orzamentaria e o principio de devengo contable, así como afecta negativamente ó remanente de tesourería. Tamén detectou que durante 2001 imputáronse ás obrigas pendentes de pago a 31 de

decembro de 2000, sen terceiro real, facturas e gastos do exercicio de 2001, supoñendo un incumprimento da normativa orzamentaria e contable.

O Consello de Contas mostra o seguinte cadro de obrigas e pagos pendentes a 31 de decembro:

Ano de procedencia	Suma de obrigas pendentes de ordear o pago a 31 de decembro de 2000 (pesetas)
1991	3.151.020
1993	1.880.000
1994	9.954.926
1995	248.326
1996	1.838.304
1997	53.228.524
1998	89.065.621
1999	203.911.712
Total	363.278.433

Ano	Acreedores pendentes de pago a 31/12/2000 (pesetas)
2000	776.077.768

Total acumulado ata 2000 - Total Acumulado ata 1999	412.799.335
Incremento 2000 respecto 1999	113,6%
Incremento 2000 respecto da media	909,05%

Se temos en conta os gobernos deses anos, podemos facer a seguinte clasificación da débeda:

Gobernos de Amigos de As Pontes 1987 - xuño 1995: 32.110.109 pesetas.

Goberno BNG-PSOE-IU xuño 1995 - febreiro 1997: 10.833.887 pesetas

Goberno PP febreiro 1997 – xuño 1999: 167.408010 pesetas

Goberno BNG xuño 1999 – 31 decembro de 2000 = 497.755.191 pesetas

8. Outras operacións non orzamentarias. Respecto a outras operacións non orzamentarias, o Consello de Contas recomenda a depuración dos excesos dos saldos analizados, depuración que debe ser tanto contable coma xurídica.

9. **Cuantificación do Estado de Remanente de Tesourería.** Neste apartado, sobra calquera verba. Simplemente unha ollada ó cadro presentado polo Consello de Contas:

Estado de remanente de tesourería	Remanente calculado polo Concello	Axustes	Remanente calculado polo equipo auditor
1 Debedores pendentes de cobro a 31.12.00	525.046.868	-384.271.186	140.775.682
Do orzamento de ingresos correntes	154.978.550	-65.676.068	89.302.482
Do orzamento de ingresos pechados	499.516.598	-170.112.179	329.404.419
De operacións comerciais	0	0	0
De recursos doutros entes públicos	0	0	0
Doutras operacións non orzamentarias	700.000	0	700.000
SalDOS de dubidoso cobro (-)	97.613.205	181.018.014	278.631.219
Ingresos realizados pendentes de aplicación (-)	32.535.075	-32.535.075	0
2 Acredores pendentes de pago a 31.12.00	776.077.763	-70.142.299	705.935.464
Do orzamento de gastos correntes	196.415.002	33.176.690	229.591.692
Do orzamento de gastos pechados	369.918.516	-96.856.135	273.062.381
Do orzamento de ingresos	14.142	0	14.412
De operacións comerciais	0	0	0
De recursos doutros entes públicos	0	0	0
Doutras operacións non orzamentarias	209.730.108	-6.463.129	203.266.979
Pagos realizados pendentes de aplicación (-)	0	0	0
3 Fondos líquidos en Tesourería	60.983.265	0	60.983.265
4 Remanente de Tesourería afectado a G.F.A.	0	0	0
5 Remanente de Tesourería gastos xerais	-190.047.630	-314.128.887	-504.176.517
Total Remanente de Tesourería	-190.047.630	-314.128.887	-504.176.517

Estes feitos supoñen unha situación de déficits estruturais no Concello de As Pontes.

10. Operacións de Tesourería.

Neste apartado, o Consello de Contas de Galicia detecta que se incumpre de maneira sistemática o artigo 52 da LRFL ó renovar ó seu vencemento as pólizas de operacións de tesourería despois de transcurrir o ano que sinala o citado precepto. Isto implica que a situación transitoria de iliquidez se converta en estrutural. Consta no Informe da Intervención Municipal o incumprimento do límite do 30% do artigo 52 LRFL para a concertación de operacións de tesourería.

Asemade, máis do 55% dos créditos solicitados polo Concello de As Pontes corresponden a gobernos BNG (1995-97 e 2000).

11. Resume da situación Financiera do Concello de As Pontes.

O Informe do Consello de Contas de Galicia remata indicando:

“O Concello de As Pontes mantén saldos negativos reiterados no estado remanente de tesourería que manifestan unha incapacidade da Administración municipal para facer fronte ás súas débedas ó peche do exercicio.”

“A 31 de decembro de 2000 existe un aforro negativo que agrava a situación financeira do Concello. Ademáis verificanse recoñecementos extraxudiciais de créditos e operacións de tesourería recorrentes para atender o déficit.”

“Por todo isto, o Concello de As Pontes deberá correxir as deficiencias mencionadas a través dun programa específico, cumprir coa legalidade vixente e contabilizar as suas operacións de ingresos e gastos de acordo con criterios establecidos na ICAL”.

Hoxe a 27 de novembro de 2003, cando o Concello de As Pontes da conta deste Informe ó resto da Corporación, a situación agravase porque os Orzamentos posteriores a 2000 foron diseñados e desenrolados cos mesmos erros técnicos, agravados por unhas desviacións de gastos que chegan a ratios do 40% nalgún capítulo e polo sistemático engrosamento artificial das previsións de ingresos.

A única medida adoptada polo goberno do BNG foi incrementar as Taxas e Impostos ata un 500% en 2000 e novos incrementos de ata o 150% en 2003. Sen embargo, os déficits seguense acumulando por enriba das previsións máis xenerosas, e os gastos discrecionais medran sen facer fronte ás débedas xa contraídas.

En As Pontes, a 27 de novembro de 2003.



...porque nós, sí o somos!